



Páx 2-4

**PONTEVEDRA:**

Falando de corrupción

Páx 5

**PONTEVEDRA:**

- Visita dos eurodeputados do grupo ALE-Verdes
- Local Social do Burgo

Páx 6

**PONTEVEDRA:**

Preferentes

Páx 7

**PONTEVEDRA:**

- Pontevedra nas I Xornada de Mobilidade Sustentábel da Coruña
- Mellora da calidade urbana

Páx 8

**SOUTOMAIOR:**

- Reforma do pavillón de Montesíña
- Construción do instituto

Páx 9

**AXENDA POLÍTICA:**

Páx: 10-11

**AXENDA CULTURAL**

Páx: 12

**CAMPAÑA:**

Manifestación pola Soberanía Nacional e contra a corrupción

## O PP dá novos pasos para intentar consolidar ENCE en Lourizán

Os feitos veñen a dar, máis unha vez, a razón ao BNG e ao Concello de Pontevedra, cando afirmou que cada paso que daba o PP a respecto do complexo pasteiro era para tentar consolidalo na súa actual ubicación.

En outubro de 2012 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza dá-lle a razón ao Concello no proceso xudicial contra o Plano de Incidencia Supramunicipal.

### AS MENTIRAS DA XUNTA

En decembro a Xunta afirmaba que coa publicación no DOG do Plano Sectorial se cumpría a sentenza (algo que se negaba dende o Concello de Pontevedra), pero ocultaba que un mes antes presentara un recurso de casación diante do Tribunal Supremo contra a sentenza condenatoria. Este recurso coñeceuse agora, catro meses despois

de presentado. En rolda de prensa urxente, César Mosquera anunciou que o Concello presentará o seu propio recurso pedindo que “non se faga caso á Xunta, e que se confirme e endureza a sentenza”.

### ENCE, PP E CORRUPCIÓN

Este paso da Xunta coincide con outras medidas que procuran a consolidación da pasteira en Lourizán, como é a recente modificación da Lei de Costas. Este trato de favor con ENCE ten moito que ver coa corrupción asentada até a médula no sistema e no PP. Non en van, o que fora conselleiro de Medio Ambiente na Xunta do PP, **Carlos del Álamo**, forma parte do Consello de Administración de ENCE, e exministra de Medio Ambiente, tamén do PP, **Isabel Tocino**, pasará a formar parte dese mesmo Consello o vindeiro 21 de marzo. Casualidades?

## FALANDO DE CORRUPCIÓN

*No Pleno do Concello de Pontevedra que se celebrou o pasado martes 26 de febreiro, houbo unha intervención do noso compañeiro Miguel Fernández Lores que transcribimos integramente. O Alcalde de Pontevedra fai aquí un repaso por temas de completa actualidade e dá importantes claves para comprendermos que é o que está a acontecer.*

Pregúntame o Portavoz do PP pola transparencia do Concello de Pontevedra con motivo dun informe de Transparencia Internacional España (TI), organización que supostamente ten como fin combater a corrupción, no que este Concello aparentaba quedar nun mal lugar.

Antes de nada, agradézolle a súa interpelación pois o asunto este da corrupción que invade os centros neuráxicos de todo o sistema político e económico é de sumo interese, unha preocupación amplamente estendida entre os cidadáns e cidadás, con toda a razón do mundo. Xa que o Sr. Moreira quere que falemos de transparencia e corrupción, falemos abertamente e sen tapuxos, a ocasión ben o merece. Veña, vamos alá.

Camps, Gurtel, Correa, Bárcenas, Sobres, Santiago de Compostela, o home ou “ex” da ministra, a muller ou “ex” do ministro. Un cobra de sobres, outro cobra de tertulias e fundacións, outro vai a un Consello de Administración, outros administran as mordidas e tarugos. . . isto é un follón, un auténtico lío. E como o PP non o explica nin Moreira o fixo, terei que aclaralo eu para que se entenda algo.

Polo coñecido até agora, o problema está en Madrid: en certos círculos madrileños, nas elites académicas, económicas e políticas; non ter soldos disparatados ou sobresoldos parece estar mal visto. Será porque a vida está moi cara ou será por aquilo de “corrupción para todos”.



Ao Sepúlveda cáchanno metendo o cazo como Alcalde de Pozuelo de Alarcón e, como o cazo era para o PP, que menos que compensalo pagándolle un salario dende o Partido. A outros, para completarlles o salario até cifras indecentes, páganlles, en negro, os famosos sobres.

Mais para poder pagar estas cantidades fai falla recadar fraudulentamente. Diso encárgase Bárcenas que, a cambio, quédase cunha porcentaxe, supoñamos o 5%, ou algo máis, que Mariano tamén subiu o IVA, o IRPF e outros impostos. Se Bárcenas ten 22 millóns, o PP debeu recadar ilegalmente, corruptamente, arredor de 400 millóns.



Recadar recada en todo o estado, pero reparir repárteos sobre todo en Madrid, capital do Estado e da corrupción. Ou iso creo, pídlle Sr. Moreira que mo aclare; cando menos a Pontevedra non chegaron os sobres do PP, ou si? Non? Verdade? Máis ben penso que lle están a tomar o pelo, recadando e aportando para o Partido para engordar as finanzas centrais de Madrid.

Aínda así non chega todo o que se xunta no P.P. de Madrid, e hai que recorrer a colocar xente dos círculos madrileños do PP en consellos de administración, tertulias, fundacións. Mais as fundacións tamén hai que financiarlas e por aí podemos atopar problemas. Non vou escudriñar en toda a maraña de fundacións e no seu sospeitoso financiamento, só vou falar de Transparencia Internacional España.

Transparencia Internacional España ten como patrocinadores a Siemens, Repsol, La Caixa e Telefónica.

Non me costa que ningunha destas empresas sexan un exemplo de transparencia nin de carencia de corrupción. Máis ben cóstanme as súas prácticas: pelotazo de Siemens co AVE, Suba dos carburantes mediante prácticas irregulares, igual que das tarifas telefónicas, por non falar das prácticas bancarias, non son nada exemplares.

Non me costa que os patrocinadores de Transparencia Internacional España sexan exemplo de transparencia e ausencia de corrupción.

Cónstame que o elenco directivo de Transparencia Internacional España está formado por persoas moi vencelladas aos altos negocios e as elites profesionais, con unha vinculación moi elevada coa política madrileña (Garrigues Walker, Lamo de Espinosa, Eburne Uriarte, tertuliana e compañeira ou “ex” do ministro Wert,.....)

Cónstame que Transparencia Internacional España está asociada, mesmo coa mesma sede, á fundación Ortega e Gasset-Marañón, con presidencia de honra de Juan Carlos I

Non me costa que teña nada que ver o elefante nin Urdangarín en ambas as dúas Fundacións. Non me costa que Transparencia Internacional España mida a transparencia da casa real; cóstanme que a monarquía borbónica é a institución máis opaca do Estado Español.



Non me costa a independencia de Transparencia Internacional España do poder

político e económico que rexen este sistema cruel e corrupto.

Como si me constan os seus escuros patrocinadores e a súa máis que discutíbel composición. Cando pediu colaboración ao Concello de Pontevedra para os seus supostos estudos de transparencia, a resposta foi negativa. É mais importante que os funcionarios atendan aos cidadáns a que perdan o tempo a traballar para tan discutíbeis organizacións. Se Transparencia Internacional quere ter algo de prestixio no Estado Español, que vaia pensando en cambiar de patrocinadores e case todos os membros da súa directiva. O problema teno Transparencia Internacional España e nós non llo podemos resolver.

Por se alguén tiña dúbidas do desprestixio de Transparencia Internacional España España, o propio “Índice de Transparencia de los Ayuntamientos”, veu a desprestixiarse por si só. Resulta que os Concellos onde constan imputacións e procesamentos por corrupción son os que quitan mellores resultados. Pontevedra e Vigo, libres de tales feitos, son os peores.

Non fixeron un índice de transparencia, fixeron un índice de corrupción. Un orgullo ter un mal resultado, ou sexa, ter pouca ou ningunha corrupción. A pena é que non tiveramos unha puntuación aínda máis baixa.

Non me costa, nin a min, nin tan sequera a Feijóo, que Santiago de Compostela sexa un Concello transparente; o que si me consta é que é un desastre de corrupción, dimisións, etc.

Pero sego co relato dos feitos; se a tragadeira madrileña do PP trata de centralizar todos os tarugos e mordidas, se quere doazóns en negro, os do PP de Valencia ou de Santiago de Compostela entenden que “tamén son de Deus”,

que non van a recadar para o PP central madrileño e que o repartan todo en Madrid sen que eles vexan un can. Está ben que Madrid sexa a capital do Estado, pero Santiago tamén é a capital de Galiza e tamén ten unha Universidade. Pero non habendo fundacións, consellos de administración nin tertulias (en Galiza non se cobran), nin sobres do PP para engordar a nómina, pois tarugos e trapicheos.



Cónstame que este Concello ten unha honradez e unha transparencia a proba de bomba; aquí a oposición está até nas mesas de contratación; este é un Concello de portas abertas.

Estamos nun sistema corrupto, sobre todo por arriba. Temos un Partido Popular atacado pola corrupción por todos os lados. E ven vostede aquí, en

base a un Informe dunha axencia metida de cabeza no entramado corrupto, a sementar dúbidas sobre o funcionamento deste Concello.

Vostede Sr. Moreira é un kamikaze, non aprende. Leva case 6 anos de concelleiro máis o tempo que estivo de deputado, e cada vez parece saber menos. Montou unha lea das gordas no seu propio Grupo por culpa das exclusivas e da paga extra aos funcionarios; agora, coa que lle está caendo ao PP coa transparencia e coa corrupción, ven meterse co Concello de Pontevedra. Parece que gusta de meterse en todas as leas que prexudican ao seu Partido.

Agora vaia e dígallo aos do seu Grupo Municipal que teñen que deixar parte do pouco que cobran por asistencias para financiar o PP, dígallo que lle fan falla ao PP de Pontevedra ou de Galiza porque anda escaso de recursos, e dígallo que anda escaso porque todo o que recadan, de xeito legal ou corrupto, vai a Madrid para os sobres e outros dispendios.



## Eurodeputados do Grupo ALE-VERDES visitan Pontevedra

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores recibiu a un grupo de representantes do grupo parlamentar europeo Alianza Libre Europea que están a realizar unha visita a Galiza convidados polo BNG. Ademais de sendas conferencias en Vigo e Santiago, catro dos representantes desta comitiva, acompañados polo Portavoz Nacional do BNG, Guillerme Vázquez, visitaron a cidade de Pontevedra interesados por recibir recentemente o prestixioso premio Intermodes 2013. Trátase da eurodiputada do BNG, Ana Miranda; Jill Evans, eurodiputada do Plaid Cymru (Gales); Ian Hudghton, eurodiputado do Partido Nacionalista Escocés e presidente do SNP; Françoise Alfonsi, eurodiputado do Partitu da Nazione Corsa.

Na súa comparecencia de prensa Ian Hudghton, destacou que se estaba a tratar dunha viaxe moi instructiva dado que están a coñecer realidades dos gobernos nacionalistas en distintos puntos de Europa. Felicitou ao alcalde Miguel Anxo Fernández Lores e ao seu equipo polo recente premio Intermodes, por mellorar a cidade e por amosar que outros modelos son posíbeis.

Explicou que existen moitos motivos do éxito do Partido Nacionalista Escocés, pero sobre todo se debe ao bo goberno que fixo nos gobernos locais, e o entusiasmo crecente na cidadanía pola independencia que lles deu a confianza para gobernar a autonomía.

Jill Evans, eurodiputada do Plaid Cymru e presidenta do grupo parlamentar do ALE, explicou que este grupo de europarlamentarios aprendeu a compartir experiencias e boas prácticas, aprendendo uns de outros, e Pontevedra é un modelo de boas prácticas aplicado a unha cidade.

No contexto de debate do futuro de Europa, Jill Evans destacou a importancia de falar coas xentes das cidades a favor do dereito de autodeterminación igual que a defensa das culturas e dos idiomas.

Françoise Alfonsi, o representante corso, asegurou que aínda que todos os que integran ao grupo parlamentar ALE foron elexidos polos diferentes estados “sentímonos moi próximos e unidos por ser europeos orgullosos da historia dos nosos países e dos nosos pobos”.

## O Local Social do Burgo pendente de arranxar deficiencias

O concelleiro responsábel da área urbana, Luís Bará, visitou o futuro Local Social do Burgo que estará situado no segundo andar do campo de fútbol de Pasarón, na esquina sur da instalación deportiva. Acudiu en compañía de técnicos municipais e de directivos da Asociación sociocultural do Burgo, que terá espazo neste local de 274,14 m<sup>2</sup>.

O local ten disposición en forma de ele e contará con diversos espazos comúns como unha sala de reunión con cabida para unas 80 persoas, despachos, aseos, puntos de lectura, espazos para obradoiros con fregadoiros, entre outras instalacións.

Na actualidade este espazo atópase sen acondicionar, pero o Concello de Pontevedra habilitou sendas partidas de 40.370 euros e 42.075,93 euros para executar diversas obras e instalación de mobiliario, respectivamente, o pasado mes de novembro. Os máis de 80.000 euros están retidos porque o campo aínda non foi recepcionado polo Concello e, polo tanto, aínda no se poden executar estas obras nin colocar o mobiliario.

Ademais o local presenta problemas de carácter constructivo, sobre todo os relativos á entrada de humidades pola fachada da grada de Tribuna.

Luís Bará asegurou que o local non sería recibido polo Concello até que non se solventen estes problemas, polo cales tampouco se poden empezar a realizar traballos de acondicionamento e poñelo a disposición dos veciños e veciñas.



## O BNG acusa ao PP de actuar de forma temeraria coas persoas estafadas polas preferentes

O concelleiro César Mosquera saíu ao paso das declaracións do Partido Popular Provincial que denunciou unha campaña de acoso aos cargos públicos do PP na provincia por parte dos afectados das Preferentes acusando ao BNG, co seu silencio, de ser cómplice destas situacións.

“Son unhas declaracións de gravidade”, explicaba César Mosquera quen subliñou que “independentemente da orixe do problema, que está no FROB e no Banco de España, medidas ás que se opuxo o BNG, hai dous feitos que son incontestables: quen ten a capacidade de resolver o problema son os gobernos do Estado e da Xunta, que están gobernados polo PP; e durante a campaña electoral á Xunta, o PP estivo comunicándolle a parte dos

afectados que se gañaba Feijóo, íanse a acelerar as arbitaxes e se solucionaríase todo o problema”.

César Mosquera indicou que se “implicou a parte dos alcaldes -cando menos da provincia de Pontevedra-, e a parte dos afectados das Preferentes. Foi unha temeridade ou descoñecemento por iso os afectados sintense defraudados por esa promesa, e hoxe son os máis enrabietados”.

O concelleiro que defendeu este luns no pleno da Corporación Municipal a moción elaborada pola Plataforma das Preferentes, asegurou que “o problema das Preferentes agravouse con esta actuación temeraria e está fóra de lugar botarlle a culpa aos demais”.

## Pontevedra exporá a súa experiencia na I Xornada de Mobilidade Sustentábel da Coruña

O Concello de Pontevedra participa este sábado, 2 de marzo, nas primeiras Xornadas de Mobilidade Sustentábel da Coruña e comarca organizadas pola Plataforma pola mobilidade na Coruña. O Concello de Pontevedra foi convidado a participar neste ciclo para falar das “políticas de mobilidade adoptadas pola cidade do Lérez que foron premiadas co premio a nivel europeo Intermodos 2012. A recuperación de espazos perdidos polo peón a favor do vehículo privado descubriu un novo modelo de cidade na que o peón e a bicicleta van gañando protagonismo”, segundo recolle o propio programa.

Será o concelleiro de Mobilidade, César Mosquera o encargado de participar nesta xornada, que a partir das 12.00 horas falará do modelo de cidade de Pontevedra, como se foi conformado e a súa evolución. Tamén está convidado a estas xornadas o Concello de Vitoria.

Segundo recolle a súa propia páxina web, “a Plataforma pola Mobilidade naceu no 2011 co ánimo de abrir un espazo de reflexión e de debate constructivo sobre políticas de mobilidade e transporte urbano na cidade e comarca da Coruña.

Un dos obxectivos de traballo que consideramos clave é a formación e a difusión de ferramentas, análises e casos de éxito de diferentes iniciativas vencelladas ó transporte de persoas dunha forma sustentable e respetuosa co medio e cos propios cidadáns”.

## Mellora da calidade urbana

### ■ Remate do Plan de Emerxencia

O Concello de Pontevedra encara desde esta semana os últimos traballos do Plan de emerxencia que activou en xaneiro para reparar diversos espazos peonís na cidade que se viron moi afectados polos temporais de chuvia dos meses de novembro e decembro.

Nestas semanas investíronse máis de 162.000 euros que serviron para substituír lousas defectuosas e, incluso, panos enterios de paseos peonís en zonas de elevado tránsito como en Daniel de la Sota ou avenida de Vigo.

Continuando con este plan, os traballos trasládanse agora á glorietta de Concepción Arenal, onde se substituirán lastros, actuarase no firme e tamén, nalgúns casos, nas beirarrúas. Arranxarase o contorno da glorietta e os seus entronques coas rúas Martitegui (diante do colexio Froébel), Alfonso XIII, Xofre de Tenorio e Pardo Bazán.

Estas obras obrigarán a pechar a rúa Xeneral Martitegui á altura do Colexio Froebel dende mañá ás 10.00 horas, e voltará abrirse, segundo as previsións iniciais e en función do tempo, ao longo do venres, 1 de marzo.

### ■ Seguranza viaria na Avda. de Lugo

O Concello de Pontevedra iniciou os traballos de acondicionamento da Avenida de Lugo entre a rotonda que une a avenida de Lugo, con Xoán Carlos I e Carrasqueira até a subida ao centro de ensino Vilaverde, en Mourente. O orzamento desta obra ascende a 75.969 euros.

O obxecto desta actuación que se executa só na marxe de saída da cidade, é mellorar a seguranza viaria neste ámbito dado que se trata dun espazo con moito tránsito de vehículos e tamén de peóns, especialmente, nas cercanías ao centro escolar. Tamén pretende mellorar a accesibilidade para que poida ter iguais condicións de acceso para todos os peóns, que en moitas ocasións tiñan que entrar dentro da estación de servizo que hai na zona para poder circular por este entorno. As melloras redundarán na mobilidade peonil na avenida de Lugo complementando os circuitos peonís até a rotonda de Montecelo, en condicións de seguridade e accesibilidade.

Os traballos consisten na creación dunha grande beirarrúa que una a rúa Carrasqueira coa subida ao centro de ensino de Villaverde, diferenciando as entradas e saídas aos viarios que haxa no lugar así como sinalizando os accesos á estación de servizo que na actualidade son moi irregulares.



## O BNG leva ao Parlamento a reforma do Pavillón da Montesiña

O BNG de Soutomaior leva meses pedindo ao goberno municipal unha solución ao avelentamento dun pavillón que, en 20 anos, non tivo practicamente ningún tipo de investimento para o seu mantemento e mellora.

As carencias desta instalación afectan tanto á pista coma aos vestiarios e aos exteriores. Usuarios de todas as idades deben padecer esta situación nun local de uso moi frecuente e que adoita permanecer aberto unha media de 8 horas diarias. E a pesares disto, o goberno local, presidido por Agustín Reguera, négase

sistematicamente a realizar ningún tipo de mellora.

Ante isto, o BNG decidiu reclamar no Parlamento de Galiza a reforma que o Pavillón da Montesiña precisa mediante unha emenda aos orzamentos da Xunta para 2013. Soutomaior leva anos sendo esquecido nos orzamentos da Xunta, entre outras cousas, porque temos un goberno local inoperante e submiso, e xa vai sendo hora de que se nos teña en conta.

## O BNG esixe cartos para construír o instituto

O BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para o 2013, solicitando que se dote unha partida de 230.000 € para comezar as obras do Instituto en Soutomaior.

O instituto foi un compromiso do goberno bipartito. Isto non pode escusar que, novamente, e cos terreos asignados dende hai máis de dous anos, o PP se esqueza outra vez del nos orzamentos.

Dispor das instalacións dun novo instituto é unha necesidade para a mellora da calidade da educación no noso concello.

O elevado número de alumnado e os problemas de espazo que ten o CPI Padín Truteiro, ao que se suma o precario estado da escola infantil, xustifica a iniciativa do BNG para exixir que non se demore máis a súa construción. Ademais, a nova edificación evitaría que as mozas e mozos de Soutomaior se teñan que desprazar a concellos veciños para exercer o seu dereito á educación.



## HOMENAXE A BAUTISTA ÁLVAREZ

**2 DE MARZO**

Xantar-homenaxe a Bautista Álvarez, polos 50 aniversario da súa actividade política

## MANIFESTACIÓN POLA SOBERANÍA

**3 DE MARZO**

Manifestación ás 12 da mañá dende a alameda de Compostela. Autobuse ás 10:30 h. do pavillón dos deportes de Pontevedra

## MARCHA “ABRAZA O HOSPITAL”

**7 DE MARZO**

A Plataforma Contra a Privatización e Polo Hospital Único de Pontevedra organiza un acto para “abrazar” o hospital provincial, ás 19:30 h.

## MANIFESTACIÓN DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

**10 DE MARZO**

Manifestación convocada pola CIG ás 12 h. con saída da Praza da Ferraría, baixo o lema “Contra a pobreza e a explotación. Salvemos os nosos convenios”



## SOUTOMAIOR

**8 DE MARZO**

O BNG organiza a proxección do documental *As silenciadas. Historias de mulleres represaliadas na posguerra*, seguido dunha charla-coloquio coa participación de Fernando Herrero e M<sup>a</sup> Xesús López Escudeiro, ás 21:30 h. na biblioteca de Arcade.

## BARRO

**9 DE MARZO**

A A.C. Barosa organiza a proxección do documental *As silenciadas*. Será ás 20:30 h. no local da A.C. Barosa

## VENRES 1 DE MARZO

### ■ CONCERTO DE UXÍA

TEATRO PRINCIPAL. 20:30 H

Interpretando temas do seu disco "andando a terra", con poemas de Manuel María. Previamente proxectarase o documental "De amor e cantería", que traduce en imaxes e son os "Sonetos á Casa de Hortas" de Manuel María e que mereceu o premio Mestre Mateo á mellor produción experimental do ano 2011.

### ■ CANTOS DE TABERNA

CASA DO LADO E CENTRO SOCIAL EN PÉ. DE 21 A 00 H.

## SÁBADO 2 DE MARZO

### ■ SALÓN DO LIBRO

PAZO DA CULTURA. 11:30 H

O Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e a concelleira de Cultura Anxos Riveiro inauguran o Salón do libro, que estará aberto até o 23 de marzo

### ■ JAZZ NO PRINCIPAL

TEATRO PRINCIPAL. 20:30 H

Concerto de Joao Mortágua Quinteto. Prezo 5 euros

### ■ CICLO DE JAZZ

CENTRO SOCIAL EN PÉ. 23 H.

Concerto de Fernando Suárez Cuarteto. Prezo 2 euros

## DOMINGO 3 DE MARZO

### ■ FESTA DA ORELLA

ADRO DA IGREXA DE SAN BIEITO DE LÉREZ. DESDE AS 11 H.



## Volven os cantos de taberna

Este venres 1 de marzo, volven os Cantos de Taberna aos bares do centro histórico de Pontevedra. Entre as novidades desta edición está reducir de tres a dous os locais que se visitarán cada noite. Era unha das peticións das persoas que gozan desta programación dado que cando comezaban a cantar ou a animarse, os grupos xa tiñan que cambiar de bar. Por este motivo, redúcese a dous e o horario é de 21.00 a 00.00 horas.

Nesta edición os Cantos de Taberna van ir acompañados de dous obradoiros que se desenvolverán os días 9 e 16 de marzo, nas dependencias do antigo conservatorio de música entre as 10.00 e as 14.15 horas.

Carme da Silva explicou que estes obradoiros pretenden introducir as persoas interesadas nos Cantos de taberna, nos ritmos... e foi unha petición das persoas que participan nestes cantos. Estará impartido por María Arribe, mestra do Grupo de Música Tradicional Maravallada.

A Concellaría oferta 20 prazas e as persoas interesadas deberán inscribirse no número 986 89 65 28 (Servizo de Cultura). A participación será por rigorosa orde de inscrición.



# A TODA MÁQUINA!

## XIV Sal3n do Libro

INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

Do 2 ao 23 de marzo de 2015  
Praza da Cultura de Pontevedra  
[www.salondolibro.org](http://www.salondolibro.org)



**Levítete!**  
no Sal3n do Libro

**POLO DEREITO AO TRABALLO,  
Á IGUALDADE, AOS SERVIZOS PÚBLICOS  
E Á PLENA SOBERANÍA NACIONAL GALEGA**



**ABONDA XA  
DE CORRUPCIÓN  
E DE DESTRUCCIÓN  
SOCIAL E CULTURAL** !

**MANIFESTACIÓN:**

**Domingo 3 de marzo / 12 h.  
Alameda de Compostela**

**POR UN PROCESO  
CONSTITUÍENTE  
E DE RUPTURA  
DEMOCRÁTICA**

**CONVOCAN:**

**BNG / CIG / CG / COG / FRUGA / MpB  
NÓS-UP / AGIR / AMI / BRIGA /  
COMITÉS / GN / ISCA / LEG**